XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE FACENDA
Dirección Xeral de Orzamentos

Edificio administrativo San Caetano, Bloque 3
15781 Santiago de Compostela, A Coruña
Tfno.: 981 54 51 10 - Fax: 981 54 51 94
dxorzamentos@conselleriadefacenda.es

galicia

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
SECRETARÍA XERAL TÉCNICA
XUNTA DE GALICIA
29 FEB. 2012
ENTRADA Nº 235

| | |
|---|---|
| ***SECCIÓN***: CONSELLERIA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS | ***DATA ENTRADA***: 08/02/2012 |
| ***NORMA/PLAN***: LEI DE ESTRADAS DE GALICIA | |
| ***OBXECTO***: Regular o dominio público viario das redes de estradas de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia ou das entidades locais do seu ámbito territorial, establecendo os procesos de planificación, proxección, construcción, financiamento, explotación, uso e protección daquel. | |
| ***DATA DE RECEPCIÓN DA MEMORIA ECONÓMICA DEFINITIVA***: 29/02/2012 | |

***Contidos que supoñen custo***

*NON CONLEVA CUSTO ECONÓMICO ADICIONAL.*

Os procesos de planificación, proxección, financiamento, construcción, conservación, explotación e, en xeral, xestión das redes da estradas séguense a realizar segundo un esquema fundamental. Non se introduce ningunha atribución ou función que requira a dotación de novos medios humanos ou materiais.

Os cambios introducidos en materia de expropiacións e bens e servizos afectados tampouco teñen incidencia económica significativa. No caso das expropiacións, o aforro que se produciría coa posibilidade de expropiar soamente o solo como en situación rural, compensaríase co feito de non ter adquirido os dereitos urbanístico asociados a eses terreos. No caso dos bens e servizos afectados, a posibilidade de repoñelos en vez de indemnizar pola súa perda únicamente produciría un trasvase dos importes do subconcepto orzamentario 600.3, expropiacións en materia de estrada, ao subconcepto 600.1, obras en materia de estradas.

Así mesmo, o proxecto regula as sancións a impor polas infraccións tipificadas na nova lei. Aínda que as accións tipificadas como infraccións son fundamentalmente as mesmas que na normativa actual, os importes máximos das sancións increméntanse nun 67 %. Con estas contías estímase que os ingresos pola imposición de sancións en materia de estradas se incrementen en 250.000 €.

*Fundamento normativo:*
Artigo 3 e 7 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira.
Artigo 12 da Lei 15/2010, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

INFORME: **Favorable, ao adaptarse ás dispoñibilidades orzamentarias vixentes.**

Santiago de Compostela, 28 de febreiro de 2012

O director xeral de Orzamentos

Miguel Corgos López-Prado

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE FACENDA
DIRECCIÓN XERAL DE ORZAMENTOS
29 FEB. 2012
ENTRADA Nº
SAÍDA Nº 576

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA
CONSELLERIA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS